



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FISTERRA

Bases reguladoras para a concesión de bolsas complementarias ao estudo

EXPEDIENTE: 2021/G003/000377

Tendo en conta que este concello considera convinte efectuar unha convocatoria para a concesión de bolsas complementarias ao estudo a familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil, educación primaria e secundaria obrigatoria, empadroados/as no concello de Fisterra para o curso 2021/2022.

Visto o informe de secretaria e de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en concordancia co artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVO:

1.º) Aprobar as bases da convocatoria para a concesión polo procedemento de concorrencia competitiva de bolsas complementarias ao estudo para alumnos/as empadroados no Concello de Fisterra e matriculados en centro docentes durante o curso escolar 2021/2022, no seguinte senso:

“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS COMPLEMENTARIAS AO ESTUDO PARA ALUMNOS/AS EMPADRONADOS EN FISTERRA E MATRICULADOS EN CENTROS DOCENTES, DURANTE O CURSO 2021/2022

A Constitución española consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

O Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos de competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

O municipio, de acordo co artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local considera que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade na prestación de servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións.

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeneral, as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013: continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais: continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dan as condicións previstas para o seu traspaso pola normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiación autonómica e das facendas locais previsto nela.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación establece no artigo 4 que o ensino básico é gratuíto para todas as persoas. De acordo co artigo 3.3 a educación primaria e a educación secundaria obrigatoria constitúen a educación básica.

O artigo 83 establece: para garantir a igualdade de todas as persoas no exercicio do dereito á educación, os/as estudantes con condicións socioeconómicas desfavorables terán dereito a obter bolsas e axudas ao estudo.

No campo da normativa sectorial, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter

integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente aos concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lle asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. O artigo 8 da lei atribúe tamén competencias aos municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o Concello de Fisterra convoca a concesión de bolsas complementarias ao estudo para alumnos/as de centros docentes do Concello de Fisterra para o curso 2021/2022 de acordo coas seguintes

BASES

1. OBXECTO E FINALIDADE.

1.1. O obxecto destas bases é a regulación da concesión de bolsas complementarias ao estudo a familias dos/das alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil, educación primaria e secundaria obrigatoria, empadroados/as no Concello de Fisterra para o curso 2021/2022.

A finalidade última das axudas é apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar os custos dos gastos derivados da adquisición de material informático (ordenador de sobremesa ou portátil, tablet, impresora) a utilizar durante o curso 2021/2022.

1.2. O procedemento de concesión das bolsas establécese de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local modificada pola Lei 27/2013, do 12 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local; no Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; así como nas bases de execución do orzamento do Concello do exercicio 2020, prorrogado para o 2021, e respectando o establecido na normativa en vigor en materia de protección de datos de carácter persoal.

1.3. No orzamento municipal vixente, correspondente ao exercicio 2020, prorrogado para o 2021, existe consignación orzamentaria para a concesión de bolsas complementarias ao estudo polo seguinte importe e con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Partida orzamentaria: 326/481.00.

(Servizos complementarios de Educación / A familias e institucións sen fins de lucro).

Importe: 7.000,00 €.

2. TIPOLOXÍA DE AXUDAS.

Financiaranse con cargo ao presente programa a adquisición de:

1. A adquisición de material informático antes indicado, para afrontar o desenvolvemento do curso escolar 2021/2022.

3. REQUISITOS.

Para ser beneficiario/a desta axuda é preciso cumprir os requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

a) Ser pai/nai, titor/a ou acolledor/a legal do alumnado matriculado en educación infantil, primaria e educación secundaria obrigatoria nun centro educativo durante o curso escolar 2021/2022.

b) Todos os membros da unidade de convivencia deberán de figurar empadroados e residir de modo efectivo no Concello de Fisterra. As persoas estranxeiras que residan no Concello de Fisterra poderán beneficiarse desta prestación, sempre que o/a solicitante estea en situación administrativa regular e cumpran las condicións da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, tendo ademais que reunir o resto de requisitos establecidos nestas bases.

c) Convivir, na unidade familiar, as/os alumnos/as para os que se solicita a axuda.

d) Ter presentada a solicitude e documentación no prazo establecido.

e) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención e/ou axuda de inclusión social concedida polo Concello de Fisterra no exercicio 2020.

f) Que os ingresos da unidade de convivencia, segundo a declaración de IRPF do último exercicio, con prazo para la presentación en período voluntario xa rematara, no momento de presentar a solicitude, non superen os seguintes importes:

N.º membros da unidade de convivencia	Ingresos netos mensuais
2	1.425,00 €
3	1.638,75 €
4	1.884,56 €
5	2.167,24 €
6	2.492,33 €
7	2.866,18 €
8	3.296,11 €

Terán a consideración de ingresos os de calquera orixe: salarios, pensións contributivas e non contributivas, pensións alimenticias, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, industriais, agrarias, deportivas e artísticas, tanto de carácter fixo como eventual e outras.

Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade de convivencia que será o resultado da agregación das rendas, segundo a declaración do IRPF, de cada un dos membros da unidade familiar.

Nos casos de persoas que non estean obrigadas a presentar declaración da renda, tomaranse como ingresos os rendementos íntegros do certificado de imputacións do IRPF, emitido pola Axencia Tributaria, ao que se deducirán os gastos totais deducibles.

Polo tanto, considéranse ingresos netos anuais da unidade de convivencia a cantidade resultante das seguintes operacións: o importe obtido segundo os dous parágrafos anteriores + o importe das pensións alimenticias – o aluguer da vivenda ou amortización de préstamo da mesma, sen que estes superen 200 euros.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade de convivencia experimentara un deterioro significativo en relación coa que consta na declaración do IRPF do último exercicio, as persoas interesadas terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente aos últimos 6 meses a contar desde o mes anterior á presentación da solicitude.

4. NORMAS DE OUTORGAMIENTO.

As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación.

5. COMPATIBILIDADE.

As aportacións concedidas ao amparo desta convocatoria son compatibles con outras que puidera obter a persoa beneficiaria doutras administracións públicas ou calquera outra entidade de natureza pública ou privada. O importe total da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, ailladamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

6. PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

– As presentes bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOP do seu extracto.

– As solicitudes de subvencións, xunto coa documentación, presentaranse en calquera dos Rexistros de Entrada de Documentos do Concello de Fisterra (Rexistro Xeral, Rexistro Telemático ou SIR) ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes presentadas fora do prazo establecido no parágrafo seguinte, non serán admitidas.

– O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

7. DETERMINACIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA.

7.1. A efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos previstos na presente convocatoria considerase que forman parte da unidade de convivencia no momento de presentar a solicitude:

a) A nai, o pai, no seu caso, o/a titor/a ou acolledor/a legal dos/das alumnos/as non separados legalmente, ou aínda cando o estean conviviran co/a alumno/a.

- b) Fillos/as menores de idade non emancipados/as.
- c) Fillos/as maiores de idade e maiores de 16 anos con ingresos que convivan no domicilio familiar.
- d) Todas aquelas persoas que figuran empadroadas no domicilio de residencia.

7.2. A xustificación documental dos membros da unidade familiar efectuarase mediante a presentación do libro de familia. No caso de fillos/as maiores de idade ou maiores de 16 anos que non convivan no domicilio familiar acreditarase a non convivencia mediante o correspondente certificado de convivencia.

7.3. A separación ou divorcio acreditarase mediante a seguinte documentación:

a) Na separación de feito achegarase xustificante de interposición da demanda de divorcio ou calquera outra documentación que avale esta situación.

b) No caso de separación legal ou divorcio, deberá presentarse copia completa da sentenza xudicial que determine a mesma e o convenio regulador no que conste a atribución da garda e custodia do/a alumno/a.

7.4. En caso de viudedade da nai/pai, acreditarase mediante certificado de defunción do/a cónxuxe de que se trate.

7.5. Tanto nos casos de separación ou divorcio como nos de viudedade, terá a consideración de membro computable o/a novo/a cónxuxe, parella de feito ou persoa unida por análoga relación de afectividade.

7.6. No suposto de casos de custodia compartida autorización do/a outro/a proxenitor/a.

Teranse en conta os ingresos de ambos proxenitores e dos restantes membros da unidade familiar do/a solicitante.

8. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes (ANEXO I) e demais documentación presentaranse de maneira obrigatoria nos modelos normalizados establecidos a tal efecto. Ditos modelos facilitaranse na Concellería de Servizos Sociais, no Rexistro Xeneral do Concello de Fisterra e na páxina web www.concellofisterra.com.

Non se admitirán aquelas solicitudes que non sexan presentadas nos modelos normalizados, sen prexuízo da correspondente notificación aos solicitantes para a perceptiva subsanación de erros ou defectos.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación: (únicamente no caso de que non obre en poder do Concello de Fisterra ou, que a documentación non estea actualizada):

1) Documentación relativa á persoa solicitante e/ou aos membros da unidade familiar:

- a) Fotocopia do NIF, NIE ou pasaporte do/a solicitante.
- b) Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas datas de nacemento.
- c) En caso de garda e custodia compartida deberá presentarse copia da sentenza xudicial que determine a mesma e o convenio regulador así como a autorización expresa do/da proxenitor/a custodio/a que non presenta a solicitude de bolsa.
- d) Declaración na que se indique as subvencións solicitadas, concedidas ou recibidas para o mesmo fin ou actividade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado.
- e) Declaración de encontrarse ao corrente das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e o Concello de Fisterra. Esta declaración terá unha validez de seis meses. Así mesmo, o Concello de Fisterra poderá comprobar a ausencia de débedas dos/as beneficiarios/as, antes de proceder ao pagamento.
- f) Declaración de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvenciones, e o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que imposibilita obter a condición de beneficiario/a da subvención.

2) Documentación relativa á valoración de criterios sociais:

- a) Criterio 4.1: certificado de prestación ou subsidio de desemprego ou documentación acreditativa de encontrarse en situación de ERTE ou ERE.
- b) Criterio 4.2: fotocopia da resolución da renda de integración social de Galicia (RISGA) e/ou da resolución de Axuda de Inclusión Social (AIS).
- c) Criterios 4.3 y 4.4: fotocopia da resolución do grao de dependencia.
- d) Criterios 4.3 y 4.4: fotocopia do certificado do grado de discapacidade ou da resolución de pensión da Seguridade Social ou das clases pasivas.
- e) Criterio 4.5: documentación que xustifique a condición de familia monoparental:

e.1) Certificado de familia monoparental expedido por la Xunta de Galicia ou

e.2) Copia da sentenza ou resolución xudicial que estableza as relacións paterno-filiais dos/as fillos/as en común, acompañada no seu caso, do correspondente convenio regulador e certificado do/a Letrado/a da Administración de Xustiza, Dilixencia, Providencia ou documento análogo do Xulgado que acredite que o procedemento de reclamación da pensión alimenticia está en curso (este documento deberá estar expedido dentro dos tres meses anteriores á data de presentación da solicitude de bolsa).

e.3) Certificado de defunción do/a proxenitor/a.

Enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora, que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento. Para estes efectos, teñen a mesma consideración que o fillo ou filla:

1.º) As persoas unidas ao único proxenitor o proxenitora en razón de tutela o acollemento.

2.º) O concebido ou concebida, sempre que mediante a aplicación desta asimilación obtéñase maior beneficio.

f) Criterio 4.6: título de familia numerosa en vigor segundo o artigo 5 da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección das familias numerosas e demais normativa concordante.

g) Criterios 4.7: certificado de orde de protección ou sentenza xudicial firme que acredite a condición de vítima de violencia e que deberá ser emitida dentro dos 24 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da axuda.

Poderá acreditarse igualmente esta condición mediante informe do Centro de Información ás Mulleres, emitido no mesmo prazo indicado anteriormente.

3) Documentación relativa á situación económica e laboral da unidade familiar referida ao período correspondente coa declaración do IRPF do último exercicio, no que o prazo para a presentación en período voluntario houbera finalizado:

a) Declaración do IRPF, no suposto de facela, correspondente a cada un dos membros computables segundo a base 7.^a (poderá ser solicitada polo Concello de Fisterra, previa autorización da/s persoa/s interesada/s.

b) No caso de que non consten datos no certificado de imputacións do IRPF será preciso achegar a seguinte documentación referida ao período 2019:

b.1) Certificado de retencións e ingresos a conta del IRPF.

b.2) Copia de nóminas.

b.3) Certificado de pensións da Seguridade Social.

b.4) Certificado de prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal.

b.5) Informe de Vida Laboral, expedido polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social. No seu caso, Informe sobre Inexistencia de Situacións de Alta, expedido polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

b.6) Calquera outro documento xustificativo de ingresos.

No suposto de que exista a imposibilidade de documentar determinadas situacións económicas, estas deberán acreditarse mediante declaración xurada dos/as interesados.

c) No caso de pensionistas de grande invalidez: Certificado de pensión da Seguridade Social.

d) Certificado emitido pola entidade financeira das contías percibidas en concepto de pensión alimenticia ou calquera outro documento xustificativo de cobro das mesmas. No seu defecto, declaración xurada de non percibir pensión alimenticia.

4) Documentación relativa á vivenda:

a) Copia do contrato de aluguer en vigor.

b) Xustificación documental do pago da renda estipulada no contrato, preferentemente, a través de transferencia bancaria ou ingreso en conta da persoa arrendadora. Solo serán admisibles los xustificantes de pago referidos ás 2 mensualidades inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.

c) Copia da escritura de préstamo con hipoteca e/ou da escritura de préstamo bancario para a adquisición da vivenda.

d) Certificado bancario do importe do pago das cotas hipotecarias e/ou do préstamo. Solo serán admisibles os xustificantes de pago referidos ás 2 mensualidades inmediatamente anteriores á presentación da solicitude.

5) Documentación relativa ao pago das subvencións:

De acordo co artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no caso de que se produza calquera defecto, error ou ausencia da documentación que debe acompañar á solicitude, notificaráselle á persoa solicitante para que no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, contados desde o seguinte ao recibo da notificación do requirimento proceda á súa subsanación.

De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015 transcorrido dito prazo sen que a solicitude fora emendada, a mesma será considerada desistida, previa resolución do Concello de Fisterra.

A presentación de solicitudes de bolsas ao amparo das presentes bases, implicará a aceptación íntegra do contido das mesmas.

9. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

9.1. Situación económica da unidade de convivencia.

Para avaliar a situación económica partírase dos ingresos netos medios mensuais da unidade de convivencia, establecidos na presente convocatoria. Tomarase como base de cálculo a contía de 1,5 veces o salario mínimo interprofesional (1.425 €) establecida no artigo 1 do Real Decreto 231/2020, do 4 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para o ano 2021.

A base de cálculo terá un valor constante de 50 puntos. Para efectos de contabilidade da puntuación, partírase dos ingresos netos medios mensuais da unidade familiar (segundo o establecido na base oitava das presentes bases), puntuándose da seguinte forma:

Os ingresos inferiores á base de cálculo, contados a partir dela, de forma consecutiva e en sentido decrecente, computarase por tramos de 100,00 €. A cada tramo daráselle un valor de 3 puntos. A puntuación final, obterase sumando ao valor constante de 50 puntos, o resultado do valor da suma dos tramos indicados.

9.2. Número de membros da unidade de convivencia: a cada membro da unidade de convivencia daráselle un punto.

9.4. Criterios sociais.

Problemática social	Puntuación
1.-Familias nas que algún membro sexa preceptor de prestación ou subsidio de desemprego, ou se vexa afectado por ERTE ou ERE	30
2.-Familias beneficiarias de RISGA e/ou axuda de inclusión social	30
3.-Familias nas que os/as alumnos/as para os/as que se solicita axuda estean afectados por algunha discapacidade con grao igual ou superior ao 33% legalmente cualificada, ou estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, do 14 de decembro	50
4.-Familias nas que algún membro estea afectado por algunha discapacidade con grao igual ou superior ao 33% legalmente cualificada, ou estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, do 14 de decembro. Así mesmo, considerarase que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33% os/as pensionistas de Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez, e os/as pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de xubilación parcial por incapacidade permanente para o servizo.	30
5.-Familias monoparentais	50
6.-Familias numerosas de acordo coa Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas	30
7.-Ter a condición de vítima de violencia de xénero	50

A valoración das solicitudes farase segundo a puntuación total conseguida nos apartados 1,2,3 y 4. En virtude do obxecto e obxectivos destas axudas, as solicitudes que consigan puntuación nos criterios sociais terán prioridade sobre aquelas que carezan de puntuación neste apartado.

No suposto de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a seguinte orde de prioridade:

- 1.º. Maior puntuación no apartado criterios sociais.
- 2.º. Maior puntuación no apartado de situación económica da unidade familiar.
- 3.º. Número de rexistro de entrada da solicitude.

No suposto de igualdade na puntuación final entre solicitantes sen valoración da problemática social establecerase a seguinte orde de prioridade:

- 1.º. Maior puntuación no apartado de situación económica da unidade familiar.
- 2.º. Número de rexistro de entrada da solicitude.

No suposto de que o número de solicitudes que reúnan os requisitos esixidos supere o importe destinado ás mesmas, darase prioridade ás de aquelas familias que obteñan unha maior puntuación segundo o baremo.

10. CONTÍA DA BOLSA.

A contía das axudas será por un importe único de douscentos cincuenta euros (250,00 €) por alumno/a matriculado/a.

11. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DE BOLSAS.

Crearase unha Comisión Avaliadora que realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución.

A Comisión Avaliadora que estará composta por:

- Presidenta: concelleira de Servizos Sociais.
- Vocal 1: educadora Familiar do Departamento de Servicios Sociais.
- Vocal 2: traballadora Social.
- Vocal 3: traballadora Social.
- Secretario: o da corporación.

A Comisión Avaliadora procederá ao exame e ao estudo das solicitudes de subvención presentadas, conforme aos criterios establecidos na Base 9, e elaborará un acta na que se concrete o resultado de dita valoración.

A Comisión poderá solicitar, motivadamente, os informes que considere necesarios para resolver as peticións. O prazo de emisión do/s mesmo/s será de 10 días hábiles.

A Comisión Avaliadora terá competencia para a interpretación das bases en caso de que poda xurdir algún incidente ao respecto. A tal efecto, deberá deixar constancia de aquelas interpretacións que no seu caso xurdan ou ben na acta ou ben no informe elaborado a tal efecto, correspondendo en última instancia ao Sr. alcalde-presidente ou á Xunta de Goberno Local, no caso de delegación, a aprobación das mesmas.

A Comisión Avaliadora, unha vez avaliadas as solicitudes, á vista da dispoñibilidade orzamentaria e de acordo cos criterios de valoración previstos na convocatoria,

realizará un informe no que deberá expresar:

- Relación de persoas solicitantes ás que se propón conceder a bolsa.
- Especificación dos criterios sucesivos, xunto coa súa valoración.
- No seu caso, causas da desestimación de solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

A Comisión Avaliadora, elevará proposta de resolución ao Sr. alcalde-presidente ou á Xunta de Goberno Local, segundo quen sexa o órgano competente para resolver.

12. RESOLUCIÓN.

O Sr. alcalde-presidente ou a Xunta de Goberno Local, segundo quen sexa o órgano competente, resolverá o expediente de concesión das bolsas, previo informe da intervención municipal.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses contados desde a data do acordo de aprobación das presentes bases. A notificación levarase a cabo de acordo co establecido no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo do deber de resolver, de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 39/2015, transcorrido o prazo máximo sen se ter notificado a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude.

O Concello de Fisterra notificará á Axencia Tributaria a relación de persoas beneficiarias das axudas reguladas nas presentes bases e os importes concedidos.

As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, polo que de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa, contra elas poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo de A Coruña, no prazo de dous (2) meses, que comezará a contar desde o día seguinte ao do recibo da notificación, se fora expresa; se non o fora, o prazo será de seis (6) meses e, para a entidade solicitante, contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

A pesares do anterior, poderá interperse potestativamente un recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun (1) mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa notificación, se fora expresa; se non o fora, o prazo será de tres (3) meses, que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

13. CAUSAS DE DENEGACIÓN.

- Presentación da solicitude fóra de prazo.
- Non presentación ou presentación fóra de prazo da documentación requirida.

- Non estar empadroados.
- Superar ingresos.
- Non cumprir algún/s dos deberes estipulados na base seguinte.
- Falta de dotación orzamentaria.

14. DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS.

1. Cumprir as actividades obxecto de subvención, é dicir, realizar o gasto nos conceptos que se sinalan na base segunda para o curso en que acredita a matrícula.

2. Someterse ás actividades de control e fiscalización realizadas por parte do Concello de Fisterra, para comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación e o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda.

3. Comunicar á Concellería de Servizos Sociais calquera modificación das circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda.

4. Autorizar á Educadora Familiar da Concellería de Servizos Sociais, para que, leve a cabo o seguimento da adquisición e uso do material adquirido con cargo á bolsa complementaria concedida.

5. Autorizar ao Concello de Fisterra, para que solicite do centro educativo no que estea matriculado/a o/a menor, o certificado de matrícula ou reserva de matrícula.

15. PAGO DAS SUBVENCIÓNS.

1. A contía estipulada na base 10.^a será aboada ás persoas solicitantes mediante transferencia bancaria.

2. Se o importe do material adquirido é superior ao valor da axuda concedida, a diferenza será aboada polo/a solicitante.

3. As persoas beneficiarias deberán xustificar a compra do material informático subvencionado no prazo de 2 meses, que comezará a contar a partir do día seguinte a que se lle ingrese a cantidade concedida.

16. TRATAMIENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

En cumprimento do Regulamento da Unión Europea 2016/679, sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes na materia, informase que:

RESPONSABLE: o Concello de Fisterra, é o responsable dos datos persoais facilitados polas persoas solicitantes.

FINALIDADE: a finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión de bolsas complementarias ao estudo, que é o obxecto destas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da/s bolsas.

DESTINATARIOS: poderán ser cedidos a outras administracións, organismos e institucións, asumindo estas os deberes dos responsables de tratamento de datos.

Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal o xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan o fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

LEXITIMACIÓN: a base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexitimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial dos servizos sociais.

DEREITOS: as persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, ante o órgano responsable do ficheiro - Concello de Fisterra. Así mesmo, teñen dereito a presentar una reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Para os supostos non previstos nas presentes bases, serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Orzamento, actualmente prorrogado, do Concello de Fisterra, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Fisterra, 4 de novembro de 2021.

O alcalde-presidente

Asdo.: José Marcote Suárez

ANEXO I: Solicitud de Bolsas Complementarias ao Estudo. Curso 2021/2022

DATOS DO/A SOLICITANTE

Apelidos e nome:	
NIF/NIE:	Tif. 1: Tif. 2:
Domicilio a efectos de notificacións:	

DATOS DOS MENORES BENEFICIARIOS/AS

N.º	Apelidos e nome	Centro de ensinanza	Curso

OTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

N.º	Apelidos e nome	Idade	Parentesco co/a solicitante

MARCAR CON X para a valoración de criterios sociais

<input type="checkbox"/>	PERCEPTOR/A DE RISGA, AIS E/OU IMV
--------------------------	------------------------------------

<input type="checkbox"/>	FAMILIA MONOMARENTAL/MONOPARENTAL
--------------------------	-----------------------------------

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR CON GRAO DE DEPENDENCIA	
Apelidos e nome Grao de dependencia	

MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR CON GRAO DE DISCAPACIDADE, PENSIÓN DA SEGURIDADE SOCIAL POR INCAPACIDADE PERMANENTE TOTAL, ABSOLUTA, GRAN INVALIDEZ OU PENSIÓN DE CLASES PASIVAS	
Apelidos e nome Grao de discapacidade	

<input type="checkbox"/>	Familia na que algún membro sexa preceptor de prestación ou subsidio de desemprego, ou se vexa afectado por ERTE ou ERE
--------------------------	---

<input type="checkbox"/>	FAMILIA NUMEROSA
--------------------------	------------------

<input type="checkbox"/>	VÍCTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO
--------------------------	--------------------------------

MARCAR CON X: VIVENDA

<input type="checkbox"/>	EN PROPIEDAD CON HIPOTECA
<input type="checkbox"/>	EN ALUGUER

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Documentación relativa á persoa solicitante e/o aos membros da unidade familiar:

<input type="checkbox"/>	Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do/a solicitante EN VIGOR
<input type="checkbox"/>	Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar cas datas de nacemento
<input type="checkbox"/>	ANEXO II: Declaración na que se indique as subvencións solicitadas, concedidas ou recibidas para o mesmo fin ou actividade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado e declaración responsable

Documentación relativa á valoración de criterios sociais:

Certificado de prestación ou subsidio de desemprego ou documentación acreditativa de encontrarse en situación de ERTE ou ERE
Fotocopia da resolución de RISGA, AIS e/ou IMV
Fotocopia da resolución de grao de dependencia
Fotocopia de certificado do grao de discapacidade ou da resolución de pensión da Seguridade Social ou de clases pasivas
Sentencia de separación ou divorcio e copia do convenio regulador
Sentencia de aprobación de convenio regulador na que se atribúa a garda e custodia a un dos/as proxenitores/as
Título da familia numerosa en vigor
Certificado de defunción do/a proxenitor/a
Certificado da orde de protección, sentenza xudicial firme ou informe do Centro de Información as Mulleres que acredite a condición de vítima de violencia
Resolución de acollemento

Documentación relativa á situación económica e laboral da unidade familiar referida ao período correspondente coa declaración do IRPF do último exercicio (2020)

Copia da declaración do IRPF ou certificado de imputación de rendas

Documentación relativa á vivenda:

Xustificantes de pago referidos as dúas mensualidades do aluguer
Certificado bancario do importe de pago das cotas hipotecarias ou do préstamo das dúas mensualidades inmediatamente anteriores á presentación da solicitude

Compromiso da persoa solicitante:

Asumo o cumprimento das seguintes obrigacións:

- 1.-Cumprir o obxecto da subvención.
- 2.-Someterse ás actividades de control e fiscalización realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación e no cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda.
- 3.-Comunicar á Concellería de Servizos Sociais calqueira modificación das circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda.
- 4.-AUTORIZO á Educadora Familiar da Concellería de Servizos Sociais para levar a cabo o seguimento da adquisición e uso do material adquirido con cargo á bolsa complementaria concedida.

QUEDO INFORMADO/A de que os meus datos así como o importe da axuda concedida serán comunicados á Axencia Estatal da Administración Tributaria en cumprimento do disposto na Orde HAP/1732/2014, do 24 de setembro, pola que se modifica a Orde EHA/3012/2008m, do 20 de outubro, pola que se aproba o modelo 347 da declaración anual de operación con terceiras persoas segundo a cal as distintas Administracións Públicas deberán relacionar a todas aquelas persoas ou entidades ás que se entregaron subvencións, auxilios ou axudas calquera que sexa o seu importe.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

RESPONSABLE: O Concello de Fisterra é o responsable dos datos persoais facilitados polas persoas solicitantes.

FINALIDADE: A finalidade da recollida no tratamento e a instrución e resolución do procedemento para a concesión das bolsas complementarias ao estudo obxecto das bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicación e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da bolsa.

Fisterra, ... de ... de 2021.

Asdo. _____

ANEXO II: Declaración de axudas e declaración responsable

Apelidos e nome:

NIF/NIE:

DECLARO que:

1.º. MARCAR CON X

	NON solicitei bolsa, axuda ou subvención
	Solicitei bolsa, axuda ou subvención (especificar)
Organismo ante o que solicita	Contía solicitada

N.º	Recibín bolsa, axuda ou subvención
Organismo concedente	Contía concedida

2.º. Que me encontro ao corrente das obrigacións tributarias, fronte á Seguridade Social e ao Concello de Fisterra.

3.º. Que NON estou inhabilitado/a nin incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións para obter a condición de beneficiario/a da subvención.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

RESPONSABLE: O Concello de Fisterra é o responsable dos datos persoais facilitados polas persoas solicitantes.

FINALIDADE: A finalidade da recollida no tratamento e a instrución e resolución do procedemento para a concesión das bolsas complementarias ao estudo obxecto das bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicación e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da bolsa.

Fisterra, ... de ... de 2021.

Asdo. _____

2.º) Aprobar o gasto de sete mil euros (7.000,00 €) á que ascende o importe da subvención.

EXERCICIO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2021	326/481.00	7.000,00 €

3.º) Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do concello e no taboleiro electrónico, coa finalidade de que os/as interesados/as en participar neste procedemento, presenten as solicitudes nun prazo de vinte días (20) naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

4.º) Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que celebre.

Mándao e asina o Sr. alcalde-presidente. Fisterra, catro de novembro de 2021, do que eu, como secretario, certifico.

O alcalde-presidente

Perante min o secretario-accidental

Asdo.: José Marcote Suárez

Asdo.: Juan Carlos Carril Pérez

2021/7852